

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	BALEIRA
Edificio	Igrexa de Santiago de Martín
Dirección	Lugar da Costa, Martín. 27276
	43.124933 -7.239109
Protección	
Descricion	A Igrexa ubicada na ladeira dereita do río Martín coroa un outeiro dende o que se pode observar toda a aldea. É un templo espacioso con amplos muros de cachotería de lousa enfoscados. A nave está cuberta a dúas augas sobre un armazón de madeira en tres planos lonxitudinais amarrados por sete vigas tirantes. Posúe dúas portas alinteladas, unha na fronte e outra no lateral norte. Sobre a fachada erícese suntuoso un campanario dun corpo con dúas troneiras, dúas campás e cimacio cunha troneira. Antes da mesma atópase, protexendo o acceso, o pórtico cuberto a tres vertentes e con tres arcos de medio punto. O presbiterio, con tellado a catro augas, é máis amplo e alto ca nave e forma un mesmo corpo coa capela da Portería que se estende ó lateral sur. Ésta, presenta arco de medio punto, bóveda de canón e dúas xanelas laterais. O presbiterio ábrese á nave -cuberto por unha cúpula que parte de toscas pechinas angulares- con arco triunfal de medio punto sobre pilastras e impostas. A sancristía, na parte posterior, ten planta semicircular e cuberta cónica similar a unha ábsida románica. O retábulo maior está formado por dúas columnas lisas, tres encasillamentos e un ático superior; ocupa toda a cabeceira e é de carácter neoclásico. Posúe imaxes de Santiago matamouros, cun árabe ós pés do cabalo; de San Antonio, Santa Lucía, Inmaculada; San Roque e San Antonio Abade. Ademais na nave hai tres retábulos con esculturas de San Xoán Bautista, San Francisco de Asís, Santa con espada e dous relevos de Santa Teresa. A capela da Portería ten un retábulo barroco do século XVIII, formado por un corpo de catro columnas, tres encasillamentos e un ático semicircular decorado. Alberga varias imaxes: unha Virxe co Neno, unha Virxe con Neno e peaña de tres anxos, dúas tallas de San Xosé con Neno, un San Xosé sen Neno, unha Virxe con Neno e coroa de metal e unha Inmaculada pintada no medio do conxunto.
Campás	3 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	www.concellobaleira.es
Data	10-07-2025

Campás desaparecidas

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Maior.	ANÓNIMO (GALICIA)	1839		

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	BLANCO CHARLO, FRANCISCO ANTONIO (1804-1878)	1862	40	37
Espadana	Mediana.	BLANCO CHARLO, FRANCISCO ANTONIO (1804-1878)	1861	50	72
Espadana	Maior.	PORTILLA, HERMANOS (GAJANO)	2001	65	159

Información completa: [Igrexa de Santiago de Martín - BALEIRA \(GALICIA\)](#)

PDF (06-09-2026)